



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE QUINCE DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 11)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto (incorpórase
ás once horas e trinta minutos, antes de comezar o
punto 6 da Orde do Día).

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **quince de marzo de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de marzo de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE LUGO.- MELLORA E POSTA EN VALOR DOS HORTOS URBANOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO PARQUE DO RÍO RATO E PARADAI, SEGUNDO PROXECTO “OS AGROS DO RATO E PARADAI”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos: (...)

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de outubro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 87.344,37 € dos cales 15.158,94 € corresponden ao IVE, correspondente á obra: LUGO.- Mellora e posta en valor dos hortos urbanos da Deputación de Lugo no parque do río Rato e Paradai segundo proxecto “Os agros do Rato e Paradai”.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 18 de outubro de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 30 de novembro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra LUGO.- Mellora e posta en valor dos hortos urbanos da Deputación de Lugo no parque do río Rato e Paradaí segundo proxecto “Os agros do Rato e Paradaí”, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 18 de outubro de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre “2”, contendo a proposición para a licitación, co seguinte resultado:

LUGO.- MELLORA E POSTA EN VALOR DOS HORTOS URBANOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO NO PARQUE DO RÍO RATO E PARADAI
SEGUNDO PROXECTO “OS AGROS DO RATO E PARADAI”.-

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

87.344,37	
72.185,43	15.158,94

DE IVE
(partida
independente)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

NO

6 SEMANAS

MAXIMO

3.609,27

EMPRESAS / (GRUPO)	(A) PRECIO (80)	(B) MELLORAS (15)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (SOLO PREZO)
	PREZO (IVE incluído - art 102)	1. AUMENTO GARANTÍA (MAX. 24) (8 PTOS)	2. REDUCCIÓN EXECUCIÓN (MAX 2 SEMANAS) (7 PTOS)	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Minusválidos	%	%	
1 AGRICULTURA Y TECNOLOGÍA AGROTECNIA SL	80.793,54 €	24,00	2,00	3.609,27 €	4/0	92,50%	7,50%	80.793,54 €
2 EULEN SA	65.273,45 €	24,00	2,00	3.609,25 €	28332/1251	74,73%	25,27%	65.273,45 €
3 MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL	78.495,84 €	36,00	2,00	3.793,00 €	8/0	89,87%	10,13%	78.495,84 €

Pola mesa obsérvase que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acorda aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA (PREZO)	
		Oferta	
1	AGRICULTURA Y TECNOLOGÍA AGROTECNIA SL	80.793,54 €	MEDIA 74.854,28
2	EULEN SA	65.273,45 €	
3	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL	78.495,84 €	BAIXA TEMERARIA 67.368,85
			10% ARRIBA 82.339,70

A vista do anterior, observase que a oferta presentada pola mercantil EULEN SA incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de Contratación, en reunión celebrada en data 23 de xaneiro de 2019 tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros constan os seguintes extremos:

“(…) o Servizo de Contratación, tendo en conta o establecido na cláusula 13 do PCAP reitor da adxudicación da obra solicitou da empresa a súa xustificación, a través de escrito con RS 14192 de data 07 de decembro de 2018, achegado a través do correo electrónico autorizado polo licitador, con confirmación de lectura do día 11 de decembro de 2018.

A empresa EULEN SA, non consta que presentara xustificación no prazo outorgado, segundo informe da Unidade de Rexistro Xeral emitido en data 08 de xaneiro de 2019.

Doutra banda, entre as funcións da mesa de contratación, o artigo 22.f do RD 817/2009, de 8 de maio, do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Contratos do Sector público, precisa “...Cuando entienda que alguna de las proposiciones podría ser calificada como anormal o desproporcionada, tramitará el procedimiento previsto al efecto por el artículo 136.3 de la Ley de Contratos del Sector Público, y en vista de su resultado propondrá al órgano de contratación su aceptación o rechazo, de conformidad con lo previsto en el apartado 4 del mismo artículo”.

De non presentarse xustificación da oferta presentada, non cabe a súa valoración e verificación da súa viabilidade, de modo que a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato queda garantido nos termos fixados nos pregos de condicións (ver acordo 21/2013, do 30 de abril, do TAC de Aragón) e igualmente que naquela oferta desproporcionada ou anormal non existen prácticas restritivas de competencia.

Neste sentido, e como recorda o TACRC, en resolución 217/2011, do 14 de novembro, no procedemento de xustificación da oferta non é suficiente unha afirmación, senón que se require unha explicación, que mal pode combatirse se non queda reflexada por escrito.

Asemade debe terse en conta que a cualificación dunha oferta como desproporcionada ou anormalmente baixa enténdese como presunta; presunción que se pode desmontar coa xustificación ou defensa das razóns que motivaron a presentación de tal proposición. Ao non aportarse naquel trámite xustificación algunha, permanece viva a presunción de temeridade (Resolución nº 385/2015, do 21 de xullo de 2015 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Estremadura).

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:

Rexeitar, ao non presentar a xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, a oferta da mercantil EULEN SA elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Realizar a valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra”.

Pola Mesa, por unanimidade acordouse aceptalo e en consecuencia facelo seu, uníndose á Acta, polo que se precedeu á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (80)		MELLORAS (15)				P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Aumento Prazo Garantía (max 24) (8 ptos)	ptos	Reducción execución (max 2 semanas) (7 ptos)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	AGRICULTURA Y TECNOLOGÍA AGROTECNIA SL	80.793,54 €	59,23	24,00	5,33	2,00	7,00	3.609,27 €	5,00	71,23
2	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL	78.495,84 €	80,00	36,00	8,00	2,00	7,00	3.793,00 €	5,00	92,00

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 07 de febreiro de 2019 adoptouse a seguinte Resolución: “(...)

Rexeitar, ao non presentar xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, a oferta da mercantil EULEN SA, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL	92,00
2	AGRICULTURA Y TECNOLOGÍA AGROTECNIA SL	71,23

Requirir ao contratista MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de saída de data 15 de febreiro de 2019 foille notificado á mercantil EULEN SA a Resolución da Presidencia de data 7 de febreiro de 2019, pola que se exclúe da clasificación e por ende da licitación, ao non presentar xustificación da súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Por escrito con rexistro de data 18 de febreiro de 2019 foi requirida, por correo electrónico, (con data de recepción do día 21 de febreiro de 2019), de conformidade coa súa autorización, a mercantil MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 3.243,63 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma (o PCAP prevé un trámite de subsanación polo tanto de 3 días hábiles dentro do que se achega a documentación complementaria, nesa mesma cláusula).

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra LUGO.- Mellora e posta en valor dos hortos urbanos da Deputación de Lugo no parque do río Rato e Paradaí segundo proxecto “Os agros do Rato e Paradaí”, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 8 de outubro de 2018, á mercantil MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL, representada por D. Manuel García Santos, no prezo de 78.495,84 € dos cales 13.623,24 € son de IVE; un aumento no prazo de garantía contractual de 36 meses por encima do mínimo obrigatorio de 12 meses; unha redución do prazo de execución de 2 semanas; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.793,00 euros e 796,53 € de IVE.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.-Adxudicar a execución da obra LUGO.- Mellora e posta en valor dos hortos urbanos da Deputación de Lugo no parque do río Rato e Paradaí segundo proxecto “Os agros do Rato e Paradaí” conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 8 de outubro de

2018, á mercantil MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL, representada por D. Manuel García Santos no prezo de 78.495,84 € dos cales 13.623,24 € son de IVE; un aumento no prazo de garantía contractual de 36 meses por encima do mínimo obrigatorio de 12 meses; unha redución do prazo de execución de 2 semanas; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.793,00 euros e 796,53 € de IVE.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ACTUACIÓN POR EMERXENCIA DA OBRA DE O CORGO.- SUBSTITUCIÓN DE OBRA DE PASO NO P.K. 7+800 DA ESTRADA LU-P-1611 “CINTURÓN COMARCAL”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 12 de marzo de 2019, que prestou conformidade o Delegado da área de Xestión Territorial, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

La carretera LU-P-1611– denominada Cinturón comarcal- salva, en su punto kilométrico 7+800 (T.M. de O Corgo), el cauce del río Maceda mediante una obra de paso constituida por dos tubos de acero corrugado de sección abovedada, paralelos y esviados respecto al eje de la carretera.

Recientemente se produxo un hundimiento longitudinal y transversal en la zona de calzada que discurre sobre la obra de paso, el cual ocasionaba problemas para la seguridad y la comodidad de la circulación de vehículos, por lo que se procedió al recrecido de la calzada mediante el extendido de mezcla bituminosa en caliente.

Al mismo tiempo, se llevó a cabo una inspección visual de los tubos, pudiendo observarse deformaciones en la clave y en los hastiales de los mismos.



Fotografía en la que se señala la deformación en el hastial

En los últimos días, se ha producido un nuevo hundimiento mucho más acusado, lo que es sintomático de que los tubos continúan deformándose.



Fotografía en la que puede apreciarse el hundimiento de calzada

La experiencia nos dice que este tipo de tubos se ven muy afectados por la corrosión y los distintos arrastres que pueden encontrarse en los cursos fluviales. Esto conlleva un elevado riesgo de colapso repentino, lo que podría provocar graves daños materiales y personales como ya ha sucedido en numerosos casos precedentes (ver dossier de prensa que se acompaña). Por todo esto, se procedió, desde el Servicio de Vías y Obras, al corte de la circulación de vehículos señalizando trayectos alternativos.

A pesar de que el corte a la circulación se encuentra correctamente señalizado y balizado, existen usuarios— sobre todo gente de la zona— que continúan empleando la carretera en este punto.

Además, en caso de colapso podría producirse un embalsamiento en el cauce, lo que, con toda probabilidad, causaría mayores daños materiales y/o personales.

Se hace necesario, por tanto, proceder a la demolición de la obra de paso existente y a la reposición de la misma mediante la construcción de un puente, debido a los condicionantes hidráulicos existentes.

Por las circunstancias expuestas, de carácter excepcional y que suponen grave peligro, se propone tramitar el expediente de contratación por emergencia según lo establecido en el artículo 120 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (en adelante LCSP), ejecutando las obras con la colaboración de un empresario particular- de conformidad con el artículo 30.1 de la LCSP- ya que la Diputación de Lugo no cuenta con los medios materiales ni personales necesarios.

(...)”

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...).

El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o corte da circulación de vehículos, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urgente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior a dous meses, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles usos da estrada nestas condicións ou incluso en caso de colapso, podería producirse un embalsamento no cauce, o que con toda probabilidade, causaría maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 299.579,00 euros, dos cales 51.993,05 correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011; aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, procedería que polo Órgano de Contratación, se adoptasen os seguintes acordos:

Declarar de emerxencia a execución da obra de O CORGO.- substitución de obra de paso no P.K. 7+800 da estrada LU-P-1611 “Cinturón Comarcal”, como consecuencia das incidencias de afundimento, producidas na amentada obra de paso, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 299.579,00 euros.

De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 299.579,00€, o cal prestou a súa conformidade.

As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de O CORGO.- substitución de obra de paso no P.K. 7+800 da estrada LU-P-1611 “Cinturón Comarcal”, como consecuencia das incidencias de afundimento, producidas na amentada obra de paso, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 299.579,00 euros.



2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 299.579,00€, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse á súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal, o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación dos servizos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, dividido nos seguintes lotes:

Lote
Lote A. Pazo Provincial
Lote B Arquivo e Mantemento, Centro de Interpretación, Centro de Cestería, Granxa Gaiosos Castro, Centro de Formación Audiovisual (Antiga Escola de Imaxe e Son) e Parque Móbil/ Centro de Produción Audiovisual
Lote C Pazo dos Deportes e Escola de Piraguismo
Lote D Rede Museística Provincial (Museo Provincial, Pazo de Tor , Museo do Mar e Museo San Paio de Narla)

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Excm. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro. As prestacións que conforman este servizo, non implican o exercicio de autoridade inherente ao exercicio das potestades públicas.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada

lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativas e de prezo), reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas. O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, por la que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Incorpóranse condicións especiais de execución nos termos previstos no artigo 202 da LCSP.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, dada a ubicación e interrelación dos distintos centros, prevese a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. En concreto divídese en cinco lotes, en función dos centros:

- Lote A: Pazo Provincial.
- Lote B: Arquivo e Mantemento, Centro de Interpretación, Centro de Cestería, Granxa Gaioso Castro, Centro de Formación Audiovisual (Antiga Escola de Imaxe e Son) e Parque Móbil/ Centro de Producción Audiovisual.
- Lote C: Pazo dos Deportes e Escola de Piraguismo.
- Lote D: Rede Museística Provincial (Museo Provincial, Pazo de Tor , Museo do Mar e Museo San Paio de Narla).

Para financiar as obrigas que se deriven da presente contratación existe, segundo consta no informe de intervención de data 14 de marzo de 2019, consignación nas aplicacións Orzamentarias, e coa distribución de importes por anualidades que se indican:

Centro	Aplicación	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Anualidade 2022
Pazo Provincial	9200.22700	154.310,68	295.488,53	295.488,53	141.177,85
Graxa Gaioso Castro	4120.22700	7.827,95	14.989,69	14.989,69	7.161,74
Arquivo e Talleres	9200.22700	14.835,52	28.408,45	28.408,45	13.572,93
Parque Mobil -C.P.Audiovisuales	9201.22700	29.732,05	56.933,72	56.933,72	27.201,67
C.Formacion Audiovisuales	3241.22700	15.081,89	28.880,21	28.880,21	13.798,32
Centro de Interpretación e Cestaria	1729.22700	3.239,85	6.203,97	6.203,97	2.964,12
Pazo dos Deportes	3420.22700	77.466,56	148.340,23	148.340,23	70.873,67
Escola de Piragüismo	3421.22700	5.664,30	10.846,54	10.846,54	5.182,24
Museo Provincial	3330.22700	80.596,88	154.334,45	154.334,45	73.737,57
Pazo de Tor	3332.22700	16.768,50	32.109,89	32.109,89	15.341,39
Museo do Mar	3333.22700	9.264,28	17.740,11	17.740,11	8.475,83
Fortaleza San Paio de Narla	3331.22700	16.184,59	30.991,77	30.991,77	14.807,18
Suma		430.973,06	825.267,56	825.267,56	394.294,50

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe da Unidade de Vixilancia e Portería que forma parte do expediente. Aos efectos do establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no prego de cláusulas administrativas que o prezo do contrato é adecuado para o seu efectivo cumprimento. Faise constar no Informe da Unidade de Vixilancia e Portería e no PPA a insuficiencia de medios propios por parte da entidade provincial para asumir o obxecto de este contrato de servizos.

O prego conten, aos efectos do artigo 130 da LCSP información sobre as condicións de subrogación dos contratos de traballo e os empregados a subrogar.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

O prazo de duración do contrato será de 3 anos desde a data na que se produza a formalización do contrato, prorrogable por un mais.

En canto aos recursos, debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do artigo 44), cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no seu apartado 2º.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios e selección da oferta economicamente máis vantaxosa, regulado polos artigos 156 158 da LCSP, e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto por importe de 2.046.117,90 € aos que se aplicará un IVE do 21%, 429.684,78 €, o que fai un total de 2.475.802,68 €.

Lote	Importe Neto	IVE (21%)	Orzamento Base de Licitación c/IVE (3 anos)
Lote A. Pazo Provincial	732.616,20 €	153.849,39 €	886.465,59 €
Lote B Arquivo e Mantemento, Centro de Interpretación, Centro de Cestería, Granxa Gaioso Castro, Centro de Formación Audiovisual (Antiga Escola de Imaxe e Son) e Parque Móbil/ Centro de Produción Audiovisual	335.742,24 €	70.505,88 €	406.248,12 €
Lote C Pazo dos Deportes e Escola de Piraguismo	394.677,93 €	82.882,38 €	477.560,31 €
Lote D Rede Museística Provincial (Museo Provincial, Pazo de Tor , Museo do Mar e Museo San Paio de Narla)	583.081,53 €	122.447,13 €	705.528,66 €
	2.046.117,90 €	429.684,78 €	2.475.802,65 €

E co seguinte reparto por anualidades e centros:

Centro	Aplicación	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Anualidade 2022
Pazo Provincial	9200.22700	154.310,68	295.488,53	295.488,53	141.177,85
Granxa Gaioso Castro	4120.22700	7.827,95	14.989,69	14.989,69	7.161,74
Arquivo e Talleres	9200.22700	14.835,52	28.408,45	28.408,45	13.572,93
Parque Mobil- C.P.Audiovisuales	9201.22700	29.732,05	56.933,72	56.933,72	27.201,67
C.Formacion Audiovisuales	3241.22700	15.081,89	28.880,21	28.880,21	13.798,32
Centro de Interpretación e Cestaria	1729.22700	3.239,85	6.203,97	6.203,97	2.964,12
Pazo dos Deportes	3420.22700	77.466,56	148.340,23	148.340,23	70.873,67
Escola de Piragüismo	3421.22700	5.664,30	10.846,54	10.846,54	5.182,24
Museo Provincial	3330.22700	80.596,88	154.334,45	154.334,45	73.737,57
Pazo de Tor	3332.22700	16.768,50	32.109,89	32.109,89	15.341,39
Museo do Mar	3333.22700	9.264,28	17.740,11	17.740,11	8.475,83
Fortaleza San Paio de Narla	3331.22700	16.184,59	30.991,77	30.991,77	14.807,18
Suma		430.973,06	825.267,56	825.267,56	394.294,50

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no art.174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020, 2021 e 2022 as cantidades indicadas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS, PROTOCOLOS, E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao protocolo xeral de actuación a subscribir entre a Excmá. Deputación Provincial de Lugo e Abanca, marca comercial baixo a que opera a banca institucional de Abanca corporación bancaria S.A.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 14 de marzo de 2019, no que literalmente establécese canto segue:

“Visto o texto do Protocolo Xeral de actuación entre a Deputación Provincia de Lugo e ABANCA, marca comercial baixo a que opera a Banca Institucional de ABANCA Corporación Bancaria S.A, co obxectivo de poñer a disposición das familias, autónomos, empresas e Corporacións Locais da provincia de Lugo, unhas condicións preferentes– para o ano 2019- en produtos financeiros de préstamo a crédito de ata 21 millóns de euros instrumentados a través do catálogo de produtos que se recollen como anexo ao acordo; unha vez analizado o contido do texto do citado acordo e as finalidades perseguidas, procede informar:

Antecedentes:

En data 21 de maio de 2018 asinouse Protocolo Xeral de Actuación entre a Deputación Provincial de Lugo e ABANCA. Neste establecíase unha liña de crédito en condicións preferentes de prezo con respecto ao mercado de até 21 millóns de euros, instrumentada a través de diferentes produtos recollidos no Anexo I do Protocolo (que ABANCA poñía a disposición das familias, empresas e Corporacións Locais da provincia de Lugo na súa condición de beneficiarios).

En relación coa vixencia deste instrumento, o texto do Protocolo establece o seguinte:

“Este Protocolo estará vixente até esgotarse a cota global establecido para familias, empresas e Corporacións Locais da provincia de Lugo de 21 millóns de euros ou un ano a partir da firma do mesmo (o que ocorra primeiro). Non en tanto e sempre que non se esgotase a cota global indicado anteriormente, o protocolo poderá prorrogarse tacitamente por idéntico período de tempo salvo que unha das partes denuncie con 1 mes de antelación á finalización do mesmo(...)”.

En data 31 de xaneiro de 2019 recibíuse solicitude de ABANCA (marca comercial baixo a que opera a banca institucional de ABANCA Corporación Bancaria S.A.) de nova edición do Protocolo Xeral de Actuación entre a Deputación Provincial de Lugo e ABANCA, que da cabida ao “Plan Activamos”. Nesta declárase o seguinte:

“(...) Es nuestra intención, dotar el protocolo con 21 millones de euros, misma cifra que en los últimos años, para poner a disposición de las familias, autónomos, pymes e instituciones de Lugo financiación en condiciones muy competitivas.

(...)”.

En data 20 de febreiro de 2019, solicitouse á ABANCA a través do seu representante institucional, aclaración ao respecto de si a cota global establecida no Protocolo Xeral asinado en data 21 de maio de 2018, se tiña esgotado; solicitando ademais, a achega da oferta financeira para os beneficiarios do Plan Activamos no 2019 e aclaración ao respecto da persoa do representante legal para a sinatura.

Nesa mesma data, dende ABANCA, achegouse a oferta financeira para os beneficiarios do Plan Activamos (2019), indicándose que é a mesma para as catro Deputacións galegas. Con respecto ao posible esgotamento da cota global (2018), informouse:

“(…) En 2018 se han firmado 707 operaciones por un importe de 17.288.785 €. Estas cifras suponen un incremento tanto en operaciones como en importe con respecto al año 2017, año en que se firmaron 619 operaciones (+20,02%) por importe de 14.404.204 € (+ 14,21%).

(…)”.

En relación coa persoa do representante legal da entidade ABANCA, efectivamente indicóusenos que a renovación do Protocolo Xeral será asinada polo novo Director de Banca Institucional.

Á vista do antedito, entendemos que:

O Protocolo asinado en data 21 de maio de 2018 se atopa vixente na actualidade, posto que nin se esgotou a cota global establecida neste, nin transcorreu o prazo de un ano a partires da sinatura (sería o 21 de maio de 2019).

Pese a que o texto do Protocolo contempla a posibilidade de realizar unha prórroga tácita no caso de non terse esgotado a cota global establecida de 21 millóns de euros (como é o caso, xa que se asinaron operacións por un total de 17.288.785 €), entendemos que sería conveniente a renovación do Protocolo Xeral de Actuación entre a Deputación Provincial de Lugo e ABANCA, para incluír a nova oferta financeira para os beneficiarios do Plan Activamos (2019), así como para actualizar o texto do Protocolo.

Consideracións:

O documento analizado que, con contido parecido, veuse formalizando nos últimos anos, enmárcase nunha colaboración institucional, sen concretas obrigas xurídicas, de conformidade co apartado 2 do ámbito de aplicación.

O artigo 6.4 da derogada Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establecía que: “Cando os convenios se limiten a establecer pautas de orientación política sobre a actuación de cada Administración nunha cuestión de interese común ou a fixar o marco xeral e a metodoloxía para o desenvolvemento da colaboración nunha área de interrelación competencial ou nun asunto de mutuo interese se denominarán Protocolos Xerais”.

En consecuencia, para a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, estes protocolos xerais eran unha modalidade de “convenio de colaboración”.

Na actualidade aplícase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, tal e como se precisa máis adiante.

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que:

“As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

Efectivamente, a lectura do documento identificado como “Protocolo Xeral de Actuación entre a Deputación de Lugo e ABANCA”, no marco institucional de difusión dunhas iniciativas que cadran cos fins e obxectivos estratéxicos do ente provincial (art. 31 da LBRL e artigo 101 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia) compatibilizan coas competencias do ente provincial de cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social e na

planificación do territorio provincial (art. 36.1 d) de LBRL, en relación co artigo 109.1 letra d) da Lei de Administración Local de Galicia).

Indicar que, en termos xurídico-administrativos, non teñen a consideración propiamente de convenios, aos efectos do artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os protocolos xerais de actuación ou instrumentos xerais que comporten meras declaracións de intencións de contido xeral ou que expresen a vontade das administracións e partes subscritoras para actuar con un obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles (artigo 47.1 segundo parágrafo).

Esta é a verdadeira natureza, ao noso modo de ver, do citado documento que canaliza a vontade das partes de colaborar nos obxectivos comúns especificados na parte expositiva do convenio, a saber:

Para a Deputación e, na actual conxuntura económica e social, é obxectivo prioritario propiciar as condicións que permitan satisfacer as demandas de financiamento expostas polas familias, empresas, autónomos e Corporacións Locais (incluídos os seus Organismos dependentes) da provincia de Lugo; especialmente coa visión de favorecer a economía familiar, a sustentabilidade ambiental, o desenvolvemento rural e tecnolóxico, e ao emprendemento.

E preséntase como obxectivo estratéxico de ABANCA contribuír a potenciar o desenvolvemento social e económico da comunidade na que actúa, no exercicio da súa actividade financeira, en constante adaptación ás necesidades cambiantes da contorna.

Estamos ante un Protocolo Xeral, sin efectos xurídicos, de modo que o seu contido non é contractual, dado que non existe, por definición, unha relación onerosa e bilateral máis aló de unha mera relación “protocolaria” ou institucional.

Tampouco é de aplicación a Lei Xeral de Subvencións en tanto que non existe disposición diñeiraria, por parte da Deputación (nen en diñeiro nen en especie), a favor da entidade ABANCA, conforme á definición establecida no artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro).

A materia obxecto do presente protocolo é competencia provincial en aplicación do artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, tal e como se explicitou en apartados precedentes, en coherencia co Artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia e o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro.

En canto ao órgano competente sinalar que, segundo o establecido no artigo 54, apartado 41, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, trátase dunha atribución que corresponde ao Ilmo. Sr. Presidente, máxime se non conleva obrigas de índole económica. Non obstante, correspóndelle á Xunta de Goberno asistir á Presidencia no exercicio das súas atribucións (art.35.2 da LBRL e 59 a) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo).

Polo exposto infórmase favorablemente, o Protocolo Xeral de actuación entre a Deputación Provincial de Lugo e a ABANCA, marca comercial baixo a que opera a Banca Institucional de ABANCA Corporación Bancaria S.A, para por a disposición das familias, autónomos, empresas e Corporacións Locais da provincial de Lugo unhas condicións preferentes- para 2019- en produtos financeiros de préstamo e crédito de ata 21 millóns de euros, instrumentados a través do catálogo de produtos que se recollen como anexo ao acordo, unha vez analizado o contido do texto do citado acordo.

Así pois a proposta de Protocolo Xeral é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, unha vez analizado o contido do citado Protocolo Xeral.

Por todo o exposto proponse:

Que se asine o Protocolo Xeral de actuación entre a Deputación Provincial de Lugo e ABANCA , marca comercial baixo a que opera a Banca Internacional de ABANCA Corporación Bancaria S.A, para por a disposición das familias, autónomos, empresas e corporacións locais da provincia de Lugo unhas condicións preferentes– en 2019 - en produtos financeiros de préstamo a

crédito de ata 21 millóns de euros, instrumentados a través do catálogo de produtos que se recollen como anexo ao acordo”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Que se aprobe o texto do Protocolo Xeral de actuación entre a Deputación Provincial de Lugo e ABANCA marca comercial baixo a que opera a Banca Institucional de ABANCA Corporación Bancaria S.A. para por a disposición das familias, autónomos, empresas e Corporacións Locais da provincial de Lugo unhas condicións preferentes- para 2019 - en produtos financeiros de préstamo e crédito de ata 21 millóns de euros, instrumentados a través do catálogo de produtos que se recollen como anexo ao protocolo.

2º.- Que se asine o antedito Protocolo Xeral de actuación entre a Deputación Provincial de Lugo e ABANCA marca comercial baixo a que opera a Banca Institucional de ABANCA Corporación Bancaria S.A.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á modificación cuarta ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o concello de Taboada para a execución de fins comúns consistentes en: execución de campo de fútbol de céspede artificial en A Medela.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada, coa finalidade común de colaborar en: Execución de campo de fútbol de céspede artificial en A Medela, que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 22 de decembro de 2017, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Taboada coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Execución de campo de fútbol de céspede artificial en A Medela.

En data 26 de decembro de 2017, asinouse dito convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada.

En data 06 de xullo de 2018, a Xunta de Goberno prestou aprobación á modificación do indicado convenio interadministrativo, de tal xeito que o investimento sexa “Execución de campo de fútbol de céspede artificial e acondicionamento de campo de fútbol de céspede natural en A Medela”, fixando como prazo límite para a execución o 30 de novembro de 2018 e de xustificación o 15 de decembro de 2018.

En data 23 de xullo de 2018, asinouse dita modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 30 de novembro de 2018, aprobouse a segunda modificación ao convenio, sendo asinada esta modificación segunda o 31 de decembro de 2018, relativa á ampliación de prazos para executar e xustificar o investimento, nas anualidades de 2017 e 2018.

Por Resolución da Presidencia de data 11 de xaneiro de 2019 aprobouse a conta xustificativa relativa á anualidade de 2017 do convenio interadministrativo indicado.

Por acordo da Xunta de Goberno, en sesión de data 25-01-2019 aprobouse a terceira modificación ao convenio, sendo asinada esta terceira modificación en data 05-02-2019, relativa á fixación de novos prazos para a xustificación da anualidade de 2018.

D. Ramiro Moure Ansoar, Alcalde do concello de Taboada, achega á Deputación de Lugo escrito de data 06 de marzo de 2019, debidamente asinado, a través do que indica que a obra foi adxudicada por importe inferior á financiación concedida, polo que solicita “... o reinvestimento de 9.674,40 euros para levar a cabo os incrementos de obra que se relacionan na memoria redactada polo director facultativo.e que se xunta a solicitude”.

As actuacións da memoria, en síntese, van referidas a incrementos de obra producidos na execución das obras do campo de fútbol, como levantamento de desprendementos por choivas, execución de barreira física entre o campo de fútbol de céspede natural e artificial ou o illamento de da instalación dun grupo de presión a fin de realizar unha instalación segura para os usuarios, todas elas definidas na memoria incorporada ao expediente.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público

vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso a tipoloxía é a mencionada, de convenio de colaboración interadministrativo.

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas

deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Na idea de potenciar a cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997”– LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 57.3 da LBRL apunta á preferencia da técnica de cooperación mediante convenio, respecto de outros mecanismos como os consorcios. Os artigos 143 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, alude ás técnicas de cooperación, que se poderán formular coa aceptación expresa das partes a través de órganos de cooperación ou mediante convenios, como e o caso.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: “ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...). 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados. 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril. (...). 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 23 e 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

O municipio de Taboada é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais, como a Lei de deporte de Galicia.

O Concello de Taboada, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Taboada a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Taboada tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio de colaboración.

Sinalar que este convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, reflectida actualmente no propio Artigo 31 da LCSP referente á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste suposto horizontal.

Á presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación lexislación en materia de contratos:

Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias

compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e tamén no artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable, dentro do marco normativo básico de Lei Xeral de Subvencións, consonte ao establecido no seu propio artigo 1.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminaran o conxunto de actuacións dos compromisos adquiridos polas partes, coas limitacións temporais fixadas na cláusula terceira do convenio e modificación do mesmo, e o establecido no artigo 49.h da Lei 40/2015.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos firmantes. No expediente analizado, o convenio prevé unha cláusula expresa de modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a baixa producida poida ser reinvestida polo Concello en investimentos da mesma finalidade.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018), trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno.

Así pois a proposta de modificación cuarta do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a modificación cuarta ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Taboada, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en Execución de campo de fútbol de céspede artificial en A Medela, de tal xeito que os remanentes producidos na licitación, por importe de 9.674,40€, sexan reinvertidos para levar a cabo os incrementos de obra relacionados na memoria redactada ao efecto e que consta no expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Monterroso para a execución dos fins comúns consistentes en: “Financiamento de mellora nas instalacións do complexo deportivo municipal de Monterroso”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo de referencia:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monterroso.

Don Miguel Rico Gómez, Alcalde do Concello de Monterroso achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público- público), de data 28 de febreiro de 2019, ao que acompaña: certificacións das tributarias de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias coa da Seguridade Social e da Facenda Estatal e Autonómica así como declaración responsable. Con esta solicitude aporta memoria explicativa para a realización conxunta polo Concello de Monterroso e a Deputación de Lugo, das actuacións consistentes na: “Mellora nas instalacións do Complexo Deportivo Municipal” na que explican nunha breve memoria que “con data de 13 de novembro de 2014 o Concello de Monterroso a través dun convenio de colaboración coa Deputación construíu un complexo deportivo, instalacións que albergan polideportivo, piscina e ximnasio. Trátase dunha infraestrutura deportivo innovadora na comarca da Ulloa, que para a súa posta en funcionamento precisa dunha serie de melloras que afecta á iluminación do ximnasio, instalación de vestiarios debaixo das gradas do pavillón, xa que actualmente só consta cun pequeno vestiario para a piscina climatizada e deseño da entrada do complexo coa instalación dun espazo de recepción e taquillas para os usuarios. Estas melloras supoñen un importante gasto que o concello non pode afrontar, polo que se solicita unha axuda (...)” .

Tamén aportar memorias tituladas obras de subsnación de deficiencias en el polideportivo y piscina de Monterroso e memoria valorada de mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeadado no polideportivo de Monterroso (Lugo), xunto con informe- dictamen de viabilidade y costes para el funcionamiento y puesta en marcha piscina cubierta climatizada y pabellón de deportes municipal Monterroso (Lugo).

O convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o concello de Monterroso e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia

compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de mellora nas instalacións do complexo deportivo municipal, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar as seguintes prestacións:

Actuacións	Custo Estimado
Instalación Eléctrica	48.380,89
Obra de Vestiarios, Taquillas e recepción	159.856,02
Total Orzamento	208.236,91

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

Anualidades	Achega Deputación	Achega do Concello de Monterroso
Ano 2019	200.000,00	8.236,91
Total	200.000,00	8.236,91

O concello de Monterroso financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguidos, para a súa correcta execución. Asume o compromiso de recepción das obras (en aplicación da lexislación patrimonial) de posta en funcionamento e apertura ao uso público das instalacións deportivas de polideportivo e piscina climatizada.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, precisa a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito

público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997”– LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural, mellorando a calidade de vida das persoas que viven no rural; dotar ao medio rural e, en particular, aos núcleos de poboación, das infraestruturas e equipamentos públicos básicos necesarios.

Esta relación interadministrativa de carácter cooperativo, formalizado vía convenio, encarna unha acción colaborativa-relacional destinado a dotarse de un equipamento mobile (vehículo), necesario para a prestación de servizos.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos

intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Os artigos 7, 8 e 9 da Lei 3/2012 de 2 de abril, de Deporte de Galicia recollen as competencias en materia deportiva dos municipios e das entidades locais supramunicipais, nos seguintes termos:

“Artigo 7. Deputacións provinciais.

As deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

Fomentar, promover e difundir o deporte.

Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.

Asistir os municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade económica e de xestión, no deseño e na construción de instalacións deportivas e no desenvolvemento da práctica deportiva.

Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade provincial e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos.

Velar pola plena utilización das instalacións deportivas existentes no seu termo e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito na optimización do seu uso, así como coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.

Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Artigo 8. Os municipios.

Os municipios, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.

Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.

Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.

Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.

Procurar que nos plans de ordenación urbanística se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalación de equipamentos

deportivos e levar un censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública coma privada.

Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal.

Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.

Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.

Os concellos de máis de 5.000 habitantes contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a achegar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións.

Artigo 9. Relacións interadministrativas.

As competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral.

Así mesmo, as administracións públicas galegas relaciónanse co Estado e co resto de comunidades sobre a base da cooperación e da colaboración recíproca.”

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A Deputación, segundo o establecido no convenio, prevese que coopere co Concello de Monterroso na achega de financiamento para a posta en funcionamento do complexo deportivo de

Monterroso, co que se impulsa a promoción do deporte desta zona da Ulloa, e de forma indirecta, da provincia en xeral.

Ambas partes deben dar cumprimento as obrigas de facer e de dar (achegas) estipuladas no convenio interadministrativo de cooperación.

O municipio de Monterroso é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “... l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre.; (...)”.

Ademais, da lexislación de réxime local, estas competencias veñen fixadas, pola lexislación sectorial (nos termos do propio Tribunal Constitucional– STC 41/2006, do 5 de marzo) tal como ocorre coa Lei 3/2012 de 2 de abril, de Deporte de Galicia, citado no apartado precedente.

O Concello de Monterroso, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación sen prexuízo de que poida realizar unha execución directa desas prestacións, a través de medios propios non personificados (art. 30 LCSP); na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para o investimento, sendo responsabilidade do Concello de Monterroso tanto a obtención das autorizacións, de ser do caso, que resulten necesarias para a execución das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da

Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal. Na actualidade con “Carta de natureza” no dereito básico interno a través do art. 31 da propia Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dar aos veciños do Concello de Monterroso, da Provincia e da cidadanía en xeral, as actuacións sinaladas (mellora nas instalacións do complexo deportivo municipal), establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

Anualidades	Achega Deputación	Achega do Concello de Monterroso
Ano 2019	200.000,00	8.236,91
Total	200.000,00	8.236,91

Concello de Monterroso: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental.

O convenio canaliza, ademais, operacións de xestión patrimonial, como a adscrición ou posta a disposición dos inmobles (bens) necesarios para acometer as actuacións obxecto do convenio e, no seu momento, executadas aquelas a entrega da titularidade ao Concello. O artigo

144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, cita as técnicas de cooperación as actuacións en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens previstos na lexislación patrimonial. Esta previsión complétase coas determinacións fixadas nos artigos 17, 25 e concordantes da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da comunidade autónoma de Galicia, aplicables as entidades locais en virtude da disposición adicional segunda desta Lei.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

O concello de Monterroso será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación (mellora nas instalacións do complexo deportivo municipal), como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos

que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD). O indicado consonte ao precisado na circular de Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2018, respecto da aplicación do citado regulamento.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Presidencia se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monterroso para a execución dos fins comúns consistentes de financiamento de mellora nas instalacións do complexo deportivo municipal de Monterroso, cun orzamento total de 208.236,91 €; a achega da Deputación ascende a contía 200.000,00 €.

2º.- Aprobado o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 200.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 3410.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Antes de comezar a tratar o seguinte asunto incorpórase a Sra. Deputada Dona María del Pilar García Porto, sendo as 11 horas e trinta minutos.

6.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ENTIDADE BENEFICIARIA DO BEN EMPREGADO I -35/2014.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 19 de decembro de 2014 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, programa de fomento de emprego e a economía do sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben empregado Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 22 de decembro con N° 292.

Considerando que con data 21 de febreiro de 2015 publícanse no BOP de Lugo o listado das entidades beneficiarias ca cantidade asignada, entre as cales se atopa a entidade 35/2014 Silvia Susana Cortez Díaz con 16.703,28€.

Considerando que atendendo a documentación presentada pola entidade segundo o detallado na Base 15 do programa, e en cumprimento do artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, realizase por parte do órgano xestor a conta xustificativa, resultando do seguinte xeito:

- Cantidade xustificada: 14.305,15€
- Cantidade anticipada: 15.868,12€
- Cantidade a ingresar: 1.562,97€

A entidade beneficiaria debe ingresar a cantidade de 1.562,97€ en concepto de principal (importe que foi anticipado e non xustificado), sen prexuízo da aplicación dos xuros de mora. Dito ingreso realízase con data 15 de novembro de 2017.

Considerando que atendendo o art. 90 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións con data 5 de febreiro de 2019 o Presidente da Deputación adopta a seguinte Resolución:

“... Aprobar os intereses de demora ...”

Codigo	Entidade	Xuros de Demora
35/2014	Silvia Susana Cortez Díaz	49,62 €

Considerando que con data 28 de febreiro de 2019 recíbese escrito por parte de Silvia Susana Cortez Díaz a través do que interpón Recurso de Reposición contra a Resolución da Presidencia de data 5 de febreiro de 2019, no que formula as seguintes alegacións:

“Que tal como disponían las bases del Ben Empleado I, el 10/01/2017, Ese Organismo le ingresa la cantidad de 7.516,48€, automáticamente.

Que el contrato subvencionado finaliza el día 06/07/2017 y la trabajadora subvencionada se encuentra en situación de incapacidad temporal desde el día 08/04/2017 y continua en dicha situación a la fecha de fin del contrato por lo que a fecha de 11/01/2017 la empresa está cumpliendo con todo los requisitos de las bases.

Que, dada la situación de la trabajadora, la empresa no puede saber qué cantidad tendrá que devolver por la deducción que se practica en la cotización a la Seguridad Social ni cuanto va a durar dicha situación, ¿cómo podría ella devolver esa cantidad el día 11/01/2017?. El requerimiento para el ingreso de los intereses es un imposible por lo que no se ajusta a Derecho.

Por lo dicho a ese Organismo

Solicita: Que teniendo por presentado Recurso de Reposición, se sirva admitirlo a trámite y, tras las averiguaciones que considere oportunas, acuerde dictar nueva resolución por la que se deje sin efecto la reclamación recurrida.

(...)"

Considerando que de acordo co contido do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 90 , Devolución por iniciativa do perceptor,

“(...) Cando se produza a devolución voluntaria, a Administración calculará os xuros de demora de acordo co previsto no artigo 38 da Lei xeral de subvencións e ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte do beneficiario.” e artigo 72, Contido da conta xustificativa, punto g) “Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes”.

Considerando todo o exposto anteriormente, de acordo o sinalado no art.90 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e visto o informe que obra no expediente, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o Recurso de Reposición interposto pola entidade beneficiaria Silvia Susana Cortez Díaz, a cal deberá proceder ó pago da cantidade de 49.62€, en concepto de xuros de mora, de acordo o sinalado no art. 90 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 290/2018-S.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 290/2018-S, interposto por D^a. María Mosquera Álvarez, fronte a resolución da Presidencia desta Excma. Deputación Provincial de data 28 de xuño ditada no exp. XREC/12.098/17, pola que desestima o recurso de reposición interposto fronte á liquidación tributaria do IBI do inmovible, dos exercicios 2012 a 2015; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora, se fora preciso.

8.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 49/2019-B.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº

49/2019-B, interposto por Pelayo Mutua de Seguros y Reaseguros, fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data 23 de marzo de 2018; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora, se fora preciso.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.